

***SOLICITUDE***  
***DE***  
***PLAN DE MELLORA***  
***DE***  
***BIBLIOTECAS***  
***ESCOLARES***

Curso 2020-2021

***BIBLIOTECA "ANTÓN CORTIZAS"***

***C.E.I.P. ISAAC PERAL***

**Avda MacMahon s/n**

**15403 Ferrol**

# ***LIÑAS PRIORITARIAS DE ACTUACIÓN***

## **PERALIÑO E O MEDIO NATURAL**

**ANEXO VIII**

# PROXECTO: PERALIÑO E O MEDIO NATURAL

## **XUSTIFICACIÓN**

O coronavirus interrompiu subitamente o noso proxecto da biblioteca.

O alumnado tivo que marchar para as súas casas. Un bo momento para a reflexión.

Na situación de confinamento comprobouse que o medio ambiente viuse beneficiado.

Propoñemos continuar cun proxecto iniciado e inacabado.

Peraliño, a nosa mascota da biblioteca, emprendeu unha viaxe cos seus amigos e amigas. Nesta viaxe decatouse da urxente necesidade de coidar á Natureza e o noso planeta. Esta pandemia amosou con claridade o problema ambiental. Pensamos que é un motivo de reflexión de primeiro orden na educación das futuras xeneracións. Xa fai tempo que moitos científicos levantaron a voz de alarma. A escola ten algo que dicir!

Nun momento de fortes transformacións que están a danar o medio natural é importante e imprescindible impulsar e fomentar ideas sostibles que non danen nin atenten contra o noso entorno.

Peraliño voltou da súa viaxe polos distintos ecosistemas cargado de información que axudará ao alumnado a desenvolver diferentes tipos de actividades.

- Proponse recabar información do alumnado para que conte os seus sentimentos no confinamento.
- Proponse que o alumno investigue sobre os beneficios que supuxo o confinamento no medio natural.

## **1. ORGANIZACIÓN E XESTIÓN**

A organización e xestión da biblioteca escolar prográmase conxuntamente polo grupo dinamizador da mesma, nas súa reunión semanal. Despois require moitas horas máis de dedicación das que case nunca se dispoñen, pero con esforzo, interese e moito amor polo fomento da lectura imos pouco a pouco conseguindo obxectivos.

Prevense actuacións similares aos dos cursos anteriores e aquelas novas, necesarias para o desenvolvemento do novo proxecto.

Primeiras xestións a levar a cabo.

- Organización do horario da biblioteca: alumnos/as axudantes, profesorado de dinamización e tempo de uso de cada aula para o seu proveito, que será dunha hora semanal fixa e as que necesiten de libre disposición da biblioteca.

- Expurgación de material deteriorado.
- Busca e adquisición do material necesario para o noso proxecto.
- Organizar, xestionar e desenvolver as actividades de: **ACTO DE APERTURA DA BIBLIOTECA**

Ao longo do resto do curso

- PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DAS ACTIVIDADES cos recursos e material utilizado.
- Adquisición e catalogación de novos fondos literarios e audiovisuais.
- Préstamos: con fomento das novidades literarias.
- Traballar a lectura en todas as aulas do currículo.
- Elaboración de paneis informativos e motivadores das actividades programadas e guías de lectura.
- Selección de contos con calidade temática e estética motivadores da lectura polas aulas.
- Encontro con personaxes relevantes relacionados coa temática tratada.
- Exposición dos traballos realizados.
- Exhibición ás familias desas exposicións.
- Organizar os materias das ***mochilas viaxeiras***; montalas para o seu uso.

## 2.- DINAMIZACIÓN E RECURSOS DA BIBLIOTECA

O proxecto intenta ser interdisciplinar e integrador, que abrangue todas as áreas do curriculum e debe axudar a desenvolver todas as competencias.

Dividiremos o proxecto en tres bloques que intentaremos distribuír trimestralmente.

### **PRIMEIRO TRIMESTRE: Chegan os alumnos.**

- Proponse recabar información do alumnado para que conte os seus sentimentos no periodo de confinamento. (Que votou de menos ao non ter escola).
- Proponse que o alumnado investigue sobre os beneficios que supuxo o confinamento no medio natural. (Traballo interdisciplinar e búsqueda de información).
- Elaboración dunha enquisa que contestará o alumnado co fin de recabar as súas opinións.
- Traballos do alumnado

## **SEGUNDO TRIMESTRE: O ecosistema terrestre e aéreo.**

- As cidades e grandes urbes durante o Covid 19. (Observacións).
- Medio ambiente en países desfavorecidos e ricos.
- Búsqueda de información na rede.
- Necesidade de coidar o medio natural. Analizamos o problema da desforestación e a contaminación. (Traballo interdisciplinar e búsqueda de información).
- A contaminación atmosférica e o efecto invernadoiro.
- Conclusións do alumnado. (Necesidade de coidar o medio natural).
- Perda de biodiversidade.
- Co traballo do alumnado nas distintas titorías pode facerse una posta en común.
- Traballo de pesca similar o anterior trimestre.

## **TERCEIRO TRIMESTRE: O ecosistema mariño e o problema da escaseza de auga.**

Entramos na estación do sol e a calor. (Gran parte da superficie terrestre se está a desertizar)

- Problemas do ecosistema mariño. (Contaminación e perda de biodiversidade).
- A contaminación da auga e a falta de auga potable.
- Contaminación das augas. (Estudo e conclusións).
- Traballo interdisciplinar de pesca.
- Conclusións do alumnado. Que podemos facer para mellorar o medio ambiental?
- Fagamos una festa visitando o Parque Natural de Marcelle. (Actividade de fin de curso para todo o alumnado do centro).

### 3. FORMACIÓN DE USUARIOS

Como todos os cursos debemos seguir unhas liñas de actuación similares para formar ao alumnado que van colaborar coa biblioteca:

- Formar a todo o profesorado para un bo uso da biblioteca atendendo á colocación dos libros, mostrando as posibilidades que ofrece en si mesma como punto de partida de moitas actividades do centro, e como espazo lúdico para o noso alumnado.
- Formar ao alumnado de 6º para que sexa quen de rexistrar no ordenador os empréstitos e manteña en orde a biblioteca.
- Formación do alumnado de 3º de E.P. e alumnado novo para que saiban buscar un libro e gardalo no seu lugar correspondente.
- Xogos para a adquisición destas habilidades.
- Entrega do tríptico explicativo do bo uso da biblioteca e guía de usuarios ao alumnado novo e 3º de E.P. Esta guía está exposta na biblioteca en formato DIN A-3.
- Formarase ao alumnado na busca e selección da información en diferentes soportes: ordenador, mapas, enciclopedias, vídeos documentais ...
- Fomento de consulta da nosa páxina web.
- Formación do profesorado en cursos relacionados con bibliotecas escolares.
- Obradoiro TiCS, alumnado de 4º coa finalidade de poder acadar a formación en competencias dixitais cara á súa preparación do uso do programa de estudos DIXGA, que se desenvolve nos cursos de 5º e 6º de E. Primaria.
- Este curso ademais introduciremos a familias voluntarias que nos axuden na colocación de libros e outras actividades organizativas.

Por outro lado, continuarase a levar a cabo todas aquelas actividades relacionadas co fomento da lectura que sabemos que son valoradas e dan moi bos resultados:

- **Fomento da lectura en familia: mochila viaxeira**, continuarase coa ampliación de 15 días de permanencia na casa que resultou moi positivo. (en Infantil unha semana)
- **Hora de ler** como impulsora do desenvolvemento da lectura e da mellora das competencias. Faremos lecturas individuais, colectivas, por parellas, por parte do mestre/a...
- **Lectura na rede**: seguir mantendo as liñas de actuación de cursos pasados (**lecturas on-line**). Traballos de investigación a través de páxinas webquest, blogs.
- **Encontros con escritores e persoas relevantes da cultura**. Unha das actividades con máis aceptación, xa que o alumnado goza coas experiencias contadas por estas persoas.

- **Presentación por parte do equipo da BIB, das novidades adquiridas** para o bo desenvolvemento do proxecto e outras lecturas.

Seguiremos traballando as novidades dos últimos cursos:

- **Actividades lúdicas e creativas:** xogos de rimas, adiviñas; facer marca-páxinas, ...
- **Mércores poéticos:** día para ler todos o mesmo poema recitalo, dramatizalo, memorizalo.
- **Vídeo-lectura:** “Do pracer de escoitar ao pracer de ler” proxectar contos para crear a ilusión para lelos despois.
- **Recomendación do libro favorito** por parte dos mestres/as e alumnado (maiores e pequenos/as e facer un vídeo desas recomendacións para subilo á paxina web, traballando ademais a competencia lingüística oral.
- Seguiremos coa **recompilación de dous traballos escritos polo alumnado ó longo de toda a súa escolarización** (de 4º de Educación Infantil a 6º de primaria), para levalo recollido nun libro, cando rematen, a modo de agasallo, do noso centro.
- **Apadriñamentos lectores**, que se desenvolverán todos os xoves de cada mes.

#### **Relacionado co proxecto en si, acadar os seguintes obxectivos:**

- Mergullarse na busca e investigación a través da rede de aspectos relacionados co proxecto.
- Buscar información escrita onde queden recollidas as características dos lugares que imos investigar.
- Crear relatos, exemplo: inventar historias enmarcando ós protagonistas nos países traballados.
- Investigar sobre cuestións relacionadas con aspectos sociais da xente que vive alí..
- Crear un novo itinerario lector relacionado con este proxecto.
- Desenvolver actividades e xogos a partires das súas lecturas.

#### **4. BIBLIOTECA INCLUSIVA**

- Dirixir a nosa actividade para mellorar a accesibilidade ás persoas con discapacidade e que os nenos e nenas desfavorecidos gocen dos dereitos humanos, civís, sociais, culturais.
- A biblioteca debe ser unha canle favorecedora para o goce destes dereitos.
- Mellorar barreiras que dificultan a accesibilidade física e de uso da biblioteca.
- Adquirir ferramentas adaptadas ás persoas discapacitadas.

- Aumentar a existencia nos fondos da biblioteca: audio-libros, películas con subtítulos, audio descrición e materiais de lectura fácil, xogos.
- Acercar a Biblioteca aos espazos de lecer.

## **5. OUTRAS ACTUACIÓNS**

A biblioteca é o verdadeiro centro de recursos de toda a Comunidade Educativa como medio facilitador de todo o material necesario para o desenvolvemento da función docente.

Aportarase todo o material e axuda na elaboración de actividades que integren o proxecto nas súas actuacións.

Seguiranse a elaborar guías de lectura cara aos períodos de vacacións ou en datas concretas dalgunha celebración.

Ademais das actividades propias do proxecto seguiranse a programar outras propias de datas sinaladas: Día de Rosalía, Mes do Libro, das Letras, Día da Muller, Dereitos do Nenos.

Tamén se coordinará cos outros grupos dinamizadores para o desenvolvemento común de actividades ao redor do proxecto. Tamén nas posibles propostas da ANPA.

Seguirase asistindo a cursos relacionados coa xestión e fomento lector.

## **6. CRITERIOS E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN**

Seguindo as liñas de cursos anteriores intentaremos establecer e impulsar mecanismos de avaliación útiles, a partir dun traballo sistemático de recollida de accións de Biblioteca. Para ser operativos partiremos dun estudo diagnóstico tanto a nivel cuantitativo como cualitativo de:

- Uso e valoración do espazo da biblioteca (profesorado, alumnado, implicación familiar).
- Cantidade de préstamos realizados e libros máis lidos.
- Tempos para a reflexión: adecuación das actividades programadas para o fomento lector e formación para o acceso á información.
- Diversidade dos destinatarios.
- Estratexias para a difusión, comunicación e a sinalización cara ao alumnado, profesorado e familias.
- Estratexias que abranguen a difusión, a comunicación e a sinalización.
- Estratexias dirixidas ao alumnado, ao profesorado e ás familias.



- A avaliación do proxecto farase dos obxectivos fixados con anterioridade e tamén por aula segundo os estándares de aprendizaxe prefixados e tendo en conta os distintos instrumentos de avaliación.

## **7. GRUPO DA BIBLIOTECA**

Esta é a previsión da composición do grupo de biblioteca.

<i>Ángela Pérez Ruiz</i>	<i>P. Definitiva</i>	<i>Ed. Infantil</i>
<i>Sofía Meixoeiro Pérez Mendaña</i>	<i>P. Definitiva</i>	<i>Ed. Infantil</i>
<i>Margarita Martínez Bouza</i>	<i>P. Definitiva</i>	<i>E. Infantil</i>
<i>Fernando García Fernández</i>	<i>P. Definitivo</i>	<i>1º E. Primaria</i>
<i>Raquel Sedes Díaz</i>	<i>P. Definitivo</i>	<i>4º Primaria</i>
<i>Pilar Porto Romalde</i>	<i>P. Definitivo</i>	<i>6º Primaria</i> <i>Coordinadora</i>
<i>Mª Leonor Janeiro Lombos</i>		<i>P. Relixión</i>

Esta composición pode sufrir modificacións na adxudicación definitiva no claustro de comezo de curso. Nesta composición consideramos fundamental que este representado profesorado de diferentes niveis para que así poder garantir a coordinación co resto do profesorado.

Con respecto ao horario: o grupo de apoio terá 1 hora semanal, que é a que se emprega para reunirnos e coa outra hora da que dispón cada membro do grupo adicarase a realizar as funcións necesarias para organizar as actividades e outras necesidades, xa que hai que afrontar numerosas tarefas para un bo funcionamento dunha biblioteca escolar.